





# ELECCIÓN 2023

## PROPOSTAS PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA XUSTA



Amigas da Terra

Rúa Bedoia, 5 - 2º D - 32004 Ourense

Rúa Velázquez Moreno, 9-2º - 36201 Vigo (Pontevedra)

[www.amigosdaterra.net](http://www.amigosdaterra.net)



# Xustiza Climática

**OBXECTIVOS:** Reducir a dependencia das enerxías fósiles, promover o aforro e a eficiencia, fomentar as comunidades enerxéticas e o autoconsumo como fórmula democratizadora do sistema enerxético

## Propostas

- Contratación do subministro de enerxía eléctrica dos edificios públicos con cooperativas de enerxías renovables.
- O eido municipal vai resultar un elemento fundamental para desenvolver comunidades enerxéticas, deben fomentar o uso de enerxía limpa e xestionada democraticamente pola cidadanía, propiciando a organización comunitaria e colectiva con perspectiva de xénero e de xustiza social.
- Identificar cubertas adecuadas ou outras infraestruturas para desenvolver iniciativas de produción eléctrica renovable. Definir as zonas de uso admitido para implantar instalacións de xeración de enerxía renovable, que serán principalmente de titularidade colectiva a partir da figura das comunidades enerxéticas.
- Instaurar a figura de persoal de asesoría enerxética municipal/oficina de cambio climático e enerxía municipal: para dar acompañamento e asesoramento á cidadanía en todo o relativo á enerxía, realizar os trámites para constituír unha comunidade enerxética ou dar de alta un autoconsumo de xeito sinxelo, facilitar o acceso ao bono eléctrico e/ou térmico, medidas de eficiencia enerxética,...
- Promover a participación de colectivos vulnerabilizados e en situación de pobreza enerxética nas iniciativas enerxéticas do concello.
- Realizar unha auditoría municipal para determinar as necesidades enerxéticas do concello (edificios municipais, alumado, cubertas dispoñibles, persoal,...) e deseñar un plan de redución, de eficiencia e de xeración enerxética a partir de mesas de traballo cos diferentes sectores cidadás (sectores económicos chave, asociacións cidadás, colectivos feministas, xuvenís, ...)
- Execución de instalacións de autoconsumo en todos os edificios públicos que sexa posible asegurando o seu correcto funcionamento e, sempre que sexa posible, integrándose nunha comunidade enerxética local.
- Dar un impulso ao autoconsumo por parte da cidadanía exonerándoos do pago da licenza municipal de obra para a instalación de enerxías renovables ou melloras na eficiencia enerxética, así como facilitando todas as actuacións cidadás que supoñan un aforro enerxético con reducións do IBI para as vivendas que melloren a súa cualificación enerxética polo menos en dúas letras
- Propomos que no concello dean conta anualmente do aforro de gases GEI, detallando as accións tomadas e as cifras de aforro de gases de efecto invernadoiro conseguidos. Teríanse que publicar os resultados na páxina do concello
- Para fomentar as boas prácticas no ámbito das empresas locais, crear distintivos enerxéticos para os comercios locais nos cales se estean aplicando medidas de aforro, participando en comunidades enerxéticas e/ou instalando enerxía fotovoltaica de autoconsumo.



# Mobilidade

**OBXECTIVOS:** Un cambio de paradigma na mobilidade. Reducir e pacificar o tránsito nos centros urbanos. Dar prioridade ao peón, bicicleta e transporte público. Mellorar a calidade do aire nos centros urbanos.

## Propostas

- Eliminación de proxectos que supoñan favorecer o transporte motorizado individual sobre o colectivo.
- Controis de velocidade e ruído do tránsito, xeneralizados, permanentes e para todo tipo de vehículos motorizados, tanto no ámbito urbano como no interurbano.
- Expulsión dos coches e motos dos centros urbanos. Xeneralización de medidas restritivas para que a circulación motorizada resulte incómoda e non competitiva cos medios sustentables e saudables.
- Xeneralización dos aparcadoiros disuasorios, moi comunicados, sinalizados e atractivos en termos económicos en relación ao custo de chegar co coche ao centro urbano.
- Desenvolver un transporte público adecuado ás necesidades, tanto en número de vehículos, como en deseño de rutas, como en horarios, que responda ás necesidades reais de uso. Fomentar o seu uso a través de tarxetas gratuítas ou a moi baixo custe para un amplo abano da poboación.
- Intermodalidade transporte público, bicicleta e andar. Supresión de calquera barreira que impida ou dificulte combinar os medios de transporte sustentables e saudables. Facilidades aos concesionarios de servizos de transporte para adaptar os seus vehículos.
- Facilitar a mobilidade en bicicleta entre os barrios das cidades e definir rutas escolares seguras.
- Habilitar aparcadoiros de bicis.
- Beirarrúas libres. Iniciativas en todos os niveis da administración pública para conseguir blindar as beirarrúas peonís. Motos, bicicletas patinetes e vehículos eléctricos fóra das beirarrúas. Control das terrazas e veladores.
- Plan Peón. Elaboración dun plan de promoción da mobilidade peonil urbana. Prioridade dos desprazamentos peonís no ámbito urbano, en canto á súa accesibilidade, comodidade, rapidez.
- Pasos peonís próximos entre si. Ciclos semaforicos que prioricen aos peóns.
- Crear unha rede de vehículos compartidos ou coches compartidos entre unhas usuarias concretas e favorecer o seu uso.



# Recursos Naturais e Residuos

**OBXECTIVOS:** Reducir os residuos xerados e abandonar a incineración. Facer da compostaxe o mellor método de xestión dos bioresiduos. Acabar coa incultura do usar e tirar

## Propostas

- Poñer en marcha a recollida selectiva das diversas fraccións, incluíndo a materia orgánica. Priorizar o porta a porta como a mellor opción por ter demostrada a mellor eficacia.
- Redactar un Plan de Prevención de Residuos e facelo efectivo para conseguir unha redución de kilogramos/habitante .
- Priorizar a compostaxe doméstica, seguida da comunitaria e de pequenas plantas municipais e comarcais como a mellor opción de tratamento dos bioresiduos.
- Facer campañas contra a utilización de envases de usar e tirar (plástico, metal e vidro), implantar sistemas SDDR e fomentar prácticas non só nos comercios e restauración, senón tamén nos domicilios, que eviten os envases de usar e tirar, substituíndoos por envases retornables e reutilizables.
- Crear un distintivo de recoñecemento aos comercios que cumpren criterios de compra a granel, redución de envases e menor xeración de residuos. Estudar a aplicación dunha redución das taxas municipais de residuos para estes comercios.
- Apoiar, incentivar e dar a coñecer as iniciativas xa existentes, as tendas, etc., de recuperación e reutilización de mobiliario, roupa, aparellos e electrodomésticos usados.
- Remunicipalización dos servizos de recollida de lixo, e limpeza viaria.



# Soberanía Alimentaria

**OBXECTIVOS:** Incrementar a produción, o consumo e a venda de alimentos de produción local, poñendo en valor e dignificando o papel das persoas agricultoras

## Propostas

- Incrementar o cultivo de froita e verdura, respectando especialmente as variedades locais para asegurar máis variedade de produtos, sobre todo hortícolas. Neste senso, concienciar á cidadanía que compre produtos locais significa beneficio para todas.
- Priorizar ás provedoras de proximidade e ecolóxicas en tanto sexa posible nos concursos públicos de contratación, empezando coas escolas municipais e comedores escolares.
- Apoio decisivo para a instalación de hortos urbanos ecolóxicos, e a agroecoloxía en xeral.
- Fomentar a produción e o uso do compost doméstico, comunitario e municipal.
- Facilitar o acceso a hortas en desuso a aquelas persoas que queiran cultivar a terra e non a teñan (Banco de Terras).
- Apoiar a venda de produtos ecolóxicos no mercado municipal.
- Que a administración local se comprometa a fomentar o consumo de produtos agroecolóxicos de proximidade en todas as actividades que organice.



## Biodiversidade

**OBXECTIVOS:** Estender os espazos naturais e mellorar a xestión dos existentes

### Propostas

- Cumprimento dos dereitos do arborado urbano establecidos na “Carta de Barcelona”
- Prohibir a aplicación de herbicidas tóxicos nas beiras das estradas, nos xardíns, etc. Traballar cara á eliminación destes herbicidas en todo o territorio en xeral.
- Crear un protocolo de revisión do estado fitosanitario do arboredo urbano que estableza a súa revisión anual e o tratamento preventivo de enfermidades
- Programa de eliminación de especies exóticas invasoras.
- Plan preventivo contra incendios forestais, asolagamentos e secas.



## Participación

**OBXECTIVO:** Un concello aberto cun goberno que dialogue coa cidadanía e estea ao servizo dela.

- Creación de Consellos Municipais de Medio ambiente
- Xerar espazos de participación cidadá nas decisións municipais
- Favorecer e dotar de recursos ao asociacionismo no municipio.